

**A C T A 3/2022**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA PLENO MUNICIPAL**

**- 1 DE MARZO DE 2022 -**

Na Casa do Concello, a un de marzo de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiras/os:**

D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero

D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar

D.<sup>a</sup> María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey

D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal

D.<sup>a</sup> María Teresa Castro Framil

D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz

D.<sup>a</sup> Margarita Rosende Domínguez

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D.<sup>a</sup> María Josefa Argibay da Silva

D. José Manuel Elías Noya

D.<sup>a</sup> Carmen Diéguez González

D.<sup>a</sup> Patricia Castelao Ferreiro

**Secretaría xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela

**ORDE DO DÍA:**

**1.- APROBACIÓN DE ORZAMENTOS 2022 VINCULADOS A UNHA CUESTIÓN DE CONFIANZA**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos, declara público e aberto o acto, pasando a tratar o asunto incluído na orde do día que figura na convocatoria, que é o seguinte:

**1.- APROBACIÓN DE ORZAMENTOS 2022 VINCULADOS A UNHA CUESTIÓN DE CONFIANZA.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 24 de febreiro de 2022, que se recolle a continuación.

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

D. Rafael C. Sisto Edreira, alcalde do Concello de Teo propón a seguinte cuestión de confianza vinculada á aprobación do orzamento municipal 2022, en base aos seguintes

**ANTECEDENTES DE FEITO**

Primeiro.- No Pleno ordinario do 23 de febreiro de 2022, foi debatido no Pleno o asunto relativo á aprobación inicial do orzamento municipal do ano 2022, sen obter a maioría necesaria para súa aprobación.

Segundo.- Considerando que, nas últimas semanas, o goberno municipal remitiu un borrador do orzamento ás forzas políticas coa intención de que fixesen as contribucións ou matizacións que consideraran oportunas e prioritarias. Ata o momento non se tivo achegado ningún comentario nin suxestión, máis que os de carácter xeral expostos na citada sesión plenaria.

Terceiro.- Considerando o acordo acadado na Xunta de Portavoces para definir os investimentos a realizar durante o exercicio 2022, que define as obras a financiar mediante o POS provincial e outras a realizar con investimentos propios, é necesario aprobar un orzamento que posibilite a súa execución. Seguir traballando cuns orzamentos prorrogados prexudica o adecuado funcionamento contable.

Cuarto.- Tendo en conta que a proposta de Orzamento Municipal 2022 desta Alcaldía defende os servizos implementados ata o de agora, con conquistas sociais en materia de benestar, conciliación, política socio-cultural ou transporte, mantén o rigor na xestión económica e prioriza ao mesmo tempo o gasto social, imprescindible no contexto económico e social actual.

Quinto.- De acordo co exposto, vólvese a someter a consideración do Pleno, vinculando a unha cuestión de confianza, a aprobación do orzamento municipal para o exercicio 2022, de conformidade co artigo 197 bis da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREX), formulándose a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio 2022, cun importe total do Estado de Gastos de 17.101.580,22€ e do Estado de Ingresos de 17.101.580,22€, coa estrutura en capítulos que de seguido se relaciona, vinculando a aprobación a unha cuestión de confianza.

ORZAMENTO MUNICIPAL 2022 - RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	CRÉDITO INICIAL (EUROS)
1	Gastos de persoal	5.863.377,46
2	Gastos correntes en bens e servizos	6.676.303,58
3	Gastos financeiros	6.500,00
4	Transferencias correntes	693.775,80
Suman operacións correntes		<b>13.239.956,84</b>
6	Investimentos reais	3.528.013,82
7	Transferencias de capital	7.000,00
Suman operacións de capital		<b>3.535.013,82</b>
<i>Total operacións non financeiras</i>		<b>16.774.970,66</b>
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	326.609,56
<i>Total operacións financeiras</i>		<b>326.609,56</b>
<b>TOTAL ESTADO DE GASTOS</b>		<b>17.101.580,22</b>



CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	PREVISIÓN INICIAL (EUROS)
1	Impostos directos	4.495.000,00
2	Impostos indirectos	150.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.947.000,00
4	Transferencias correntes	6.689.024,68
5	Ingresos patrimoniais	40.850,00
Suman operacións correntes		<b>14.321.874,68</b>
6	Alleamento de investimentos reais	775.000,00
7	Transferencias de capital	2.004.705,34
Suman operacións de capital		<b>2.779.705,34</b>
<i>Total operacións non financeiras</i>		<b>17.101.580,02</b>
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
<i>Total operacións financeiras</i>		<b>0,00</b>
<b>TOTAL ESTADO DE INGRESOS</b>		<b>17.101.580,02</b>

**Segundo.-** Aprobar o cadro de persoal e demais anexos do orzamento municipal para o ano 2022 que constan no expediente.

**Terceiro.-** Expoñer o Orzamento citado ao público por prazo de quince días, por medio de edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, de conformidade co disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

De non presentarse reclamacións en prazo, o orzamento entenderase aprobado definitivamente, e será inxerido, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia.

**Cuarto.-** En caso de que se rexeite a presente cuestión de confianza, entenderase aprobado definitivamente o orzamento municipal 2022 e aprobado o cadro de persoal e demais anexos do orzamento municipal para o ano 2022, se no prazo dun mes dende que se votara o rexeitamento da cuestión de confianza non se presentara unha moción de censura con candidato alternativo a Alcalde, ou se esta non prospera, de conformidade co artigo 197 bis 5 da LOREX, inxeríndose aquel, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia.

Teo, na data da sinatura dixital.

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira”

O sr. alcalde aclara que a vai dar poucas explicacións porque xa o ten feito. Di que este é un mecanismo que a lexislación pon a disposición do goberno ao igual que é absolutamente lexítimo o feito de que se non prospera a moción de confianza se intente algunha alternativa a través da moción de censura.

Salienta que, en todo caso, non parece moi lóxico que se rexeite a moción de confianza e non se inicie ese proceso porque o proceso é para iso, para que no caso de non aceptar a confianza se busque outra alternativa, senón parece que se pode entender só como un obstáculo, un atraso en algo que se debería de ter o antes posible.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, sinala que non van a entrar a debater os orzamentos, que xa foron debatidos no pleno do mércores pasado. Considera que atrasar a aprobación un mes máis suporía un prexuízo para a veciñanza de Teo e máis tendo en conta que xa veñen con atraso. Di a sra. Castelao que o seu grupo non faría os orzamentos así, mais queren ser construtivas, como xa dixeron no Pleno anterior, e van a votar a favor.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen di que é verdade que este é un deses momentos complicados que ten a vida dos plenos, e un deles é utilizar un mecanismo como a cuestión de confianza para aprobar un orzamento. Non é novidade no Concello de Teo pero si que é novidade a situación que hai agora mesmo no Concello. Lembra a sra. Lemus que o outro día o sr. alcalde falaba da necesidade da oposición de amosar a debilidade do goberno, e pensa que sendo catro de dezasete non é necesario que ninguén deles amose esa debilidade pois é algo que é verdade, tratándose do goberno máis débil de toda a democracia de Teo, e isto implica que o sr. alcalde ao mellor observa unha serie de fortalezas pero ela observa que nos últimos tempos hai que mudar moito os comportamentos dentro da aprobación dos asuntos plenarios.

Salienta a sra. Lemus que o sr. alcalde decidiu hai un tempo romper o goberno, cuestión cuxas razóns non vai entrar a valorar pois ninguén ten que discutir isto agora, xa que cada un terá razóns en pro ou contra pero que xa está suficientemente debatido o tema. Porén si que é verdade que o sr. alcalde decidiu gobernar en Xunta de portavoces, pero en cambio decidiu gobernar en Xunta de portavoces para os asuntos que el considera que deben de ir a Xunta de portavoces en cambio o Pleno do mércores pasado foi un claro exemplo de como os temas que deberían de ter ido a Xunta de Portavoces non foron, como foron o asunto da ordenanza da plusvalía e o asunto dos orzamentos.

Salienta a sra. Lemus que nos orzamentos hai unha parte de anexos de inversión que está debatida, discutida e consensuada, xa que todos chegaron a un acordo, pero tamén é verdade que os orzamentos son algo máis que o anexo de inversións, e todos son conscientes.

Salienta a sra. Lemus que dende o seu partido, xa o propio xoves, abriron a man á negociación de certos aspectos que pensa que poderían ser negociables, por un lado o contrato do lixo, pois xa amosou no pleno do mércores a súa idea de que non debe de ser municipalizado no último momento con isto de feitos consumados, como se fixo noutras ocasións e que eles queren que o contrato de lixo se licite en tempo e forma. Por outro lado están as obras de saneamento como Rivas ou Fornelos, e lembra que o mércores o sr. alcalde quedou de que lle ía pasar uns orzamentos ó día seguinte e non o fixo, engadindo que outro tema que podería ser negociable serían por exemplo obras en parques infantís.

Considera a sra. Lemus que isto é unha situación novidosa no sentido de que houbo máis gobernos en minoría en Teo pero nunca houbo unha situación de tanta minoría por parte do goberno. Lembra que ela viviu un goberno de minoría debido a unha ruptura de Martiño Noriega co BNG pero é certo que as forzas eran máis ou menos iguais na cabeceira.

Salienta a sra. Lemus que agora xa non é así e que hai que facer un esforzo de negociación, esforzo que observa que non existe. Pensa que todos deben de ser conscientes de que vai ser moi raro que se alcancen maiorías absolutas como as

antigas, durante moito tempo, que o bipartidismo como tal desapareceu e o que hai agora é un pluripartidismo que hai que empezar a asumir, hai que negociar acordos e neste caso non se están vendo os acordos.

Sinala que non recibiu ningunha chamada por parte do sr. alcalde dende o xoves e estivo cos compañeiros e cos portavoces na reunión do venres no SERGAS pero a ela o sr. alcalde non lle chamou en ningún momento, independentemente da posibilidade de negociación.

Indica que isto lle leva a falar do segundo tema, que son as consecuencias deste tipo de actos. Explica que as consecuencias deste tipo de actos son, como dixo o sr. alcalde, estando niso de acordo con el, un atraso dun mes máis, porque todos son conscientes de que o seu grupo municipal non vai apoiar nunca unha moción de censura e non van a presentarse como candidatos alternativos a nada. Di a sra. Lemus que só agarda, compartindo niso a idea do sr. alcalde, que dentro dun ano xa haxa eleccións e xa a cidadanía colocará a cada quen no sitio que lle corresponda.

Manifesta que ela non vai facer estas xogadas, que non as fixo cando houbo un momento de ruptura de goberno, no que podería ser máis esperable, e non o vai a facer agora. Salienta que, nun momento no que a cidadanía está pedindo estabilidade, non vai ser ela a que provoque a inestabilidade do Concello.

Explica a sra. Lemus que dun tempo a esta parte chámalle a atención unha cousa, e son as voces que piden moción de censura. Manifesta que non sabe se lle pasa ao resto, pero que hai un montón de xente que lles pide unha moción de censura. Chámalle a atención di, e non é cuestión de tripas, pois non é que sexan os militantes socialistas que despois do acontecido en outubro lles digan que teñen que aproveitar, senón xente de moi diferentes cores que lles piden que haxa unha moción de censura. Coida que sería unha solución a esta inestabilidade, pero tamén que esa moción de censura sería o único que provocaría máis inestabilidade. Pensa que se pode agardar un tempo necesario para as eleccións, que cada quen presente o seu programa e que despois a cidadanía decida onde coloca a cada quen. Os cidadáns que consideren quen é responsable ou non, que cada un o considere libremente, pero coida que xa

despois deste último mandato non é necesario que as forzas políticas provoquen máis inestabilidade.

Di a sra. Lemus que tamén lle chamou moito a atención que de un tempo a esta parte a xente lle pregunta se son capaces de falar entre os concelleiros. É unha pregunta que xa lle repetiron varios persoas, como dicindo “*claro, porque vós chegades alí e non falades entre vós, non sodes capaces de negociar nada*”, como se non se falasen entre eles fora do Pleno. Chamoulle a atención porque esa é a imaxe que se está dando fóra e esa non é a idea que lle parece que ninguén deba de sentirse compracido pola mesma, nin defender.

Salienta a sra. Lemus que esta é a situación que hai no Concello e a solución sería se cadra agardar un mes pero manifesta que neste caso vai facer unha última cesión e, dirixíndose ao sr. alcalde, dille que non se pense que vai ser a cesión máis definitiva.

Explica a sra. Lemus que o seu grupo municipal se vai a abster na votación, porén coida que non se pode estar esperando un mes a un procedemento dunha moción de censura, porque isto non o merece a cidadanía, polo tanto ela, persoalmente, vai cambiar o sentido do seu voto, vai pasar da abstención á votación afirmativa. Aclara que o seu grupo municipal vaise manter na abstención porque creen que estes non son os seus orzamentos e porque ademais segue coa idea de que se estiveran no goberno non serían os seus orzamentos, e así non pasarían polos 700.000 euros na venta de parcelas. Considera que en todo caso tampouco ten moito sentido estar alongando agonías. Opina que a cidadanía de Teo non merece isto e os mecanismos son os que son e se hai que ceder, como tantas outras veces, porque non é a primeira vez que, pola estabilidade de Teo, ela cede.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz.

A sra Calvo di que a eles tamén lles piden a moción de censura e lles din que non os escoitan porque son o PP, que a esquerda non os escoita porque o único que quere é gobernar e que non o faga o PP. Aclara a sra. Calvo que iso é o que lle di a eles a veciñanza.



Manifesta que lle parece bastante curioso todo o que lee e o que escoita na prensa e nos medios. Sinala que no Pleno anterior a sra. Lemus dicía que “*era bastante curioso*” e o termo “*curioso*” repetiuno varias veces cando o sr. alcalde esgrimía os argumentos en defensa do orzamento. Polo tanto dicían o mesmo que eles, que eran uns orzamentos moi inflados e pouco realistas, algo que compartían todos os grupos, aínda que o BNG cambiase de voto nese mesmo momento.

Manifesta que todos dicían o que reflectía o informe de Intervención, que non era nada inventado por ningunha forza política e agora parece que algúns lle queren botar a culpa desta situación ao PP de Teo, e iso non é así.

Considera a sra. Calvo que a culpa é, primeiro, por non facer un orzamento responsable. Invita ao sr. alcalde a que o próximo ano faga un orzamento e non envíe un borrador, que conte antes con todos os grupos, que se senten e vexan o que se pode facer.

Di a sra. Calvo que, en segundo lugar, o PSOE tamén ten a súa parte de culpa, pois a falta de estabilidade vén derivada dos seus pactos errados. Por non entenderse, ao fin e ao cabo, que non é por outra cousa. Pensa que tanto uns coma outros foron, son e seguramente serán socios, pero que en realidade non se entenden, e que está perfectamente escenificado no Pleno. Pensa que se está nesta situación grazas a iso e que entre outras cousas tanto a uns coma aos outros impórtalles “*un bledo*” o que a veciñanza vote nas urnas, que a única consigna é que toda a esquerda se una para que o PP non governe, e que por iso se está nun escenario de inestabilidade.

Salienta a sra. Calvo que agora se está nunha situación na que a esquerda suspendeu temporalmente a relación e, dirixíndose ao sr. alcalde, dille que xa sabe que o seu socio tendeu a man e, aínda que estean enfadados, non hai nada que non se poida solucionar.

Sinala a sra. Calvo que escoitaba á sra Lemus cando se dirixía ao Pleno no coche, e esta manifestaba que estaba esperando en todo momento a que o sr. alcalde lle chamase para pactar, cousa que pensa que non é necesaria, porque o seu grupo, o PP, non dixeron que querían provocar inestabilidade, e sempre votan argumentando o voto sendo razoables, pero que non poden aceptar unha cousa que non o é.

A sra. Calvo pregúntalle aos membros do PSOE se é que cambiou tanto o orzamento, de ser todo “moi curioso” e moi inflado e pouco realista, e se agora o orzamento xa é responsable. Porque se é así fíxose un Pleno extraordinario e non sabe para que, que xa lle tiñan que ter dado dende o principio o si ao seu socio e xa estaba. Pensa a sra. Calvo que a veciñanza xa sabe todo isto, que hai cousas que non son negociables e que en política non todo vale.

Di que sería responsable votarlle que si a este desastre, que para ela case é unha emenda á totalidade, engadindo que sinte dicir isto sobre todo porque lle ten aprecio persoal e respecto ao sr alcalde, pero que as cousas non son así. Manifesta que non é a primeira vez que se presenta un orzamento así e pensa que non vai ser a última, aínda que haxa xente por aí dicindo que o sr. alcalde xa está amortizado, pero o seu grupo pensa que debe de terminar o seu mandato e o seu proxecto.

A sra. Calvo manifesta que se quere o sr. alcalde que faga fincapé en algo que non entendera do que dixo no Pleno anterior, na segunda quenda de intervencións repítello.

Explica que lamentable e tristemente un resume perfecto é que o equipo de goberno inflou o orzamento de ingresos e que iso da lugar a máis gasto. Sinala que xa explicou por que, pero que xa que o fai así que polo menos intente pagar aos provedores e de paso se cumpra a lei de morosidade.

Lembra a sra. Calvo que no Pleno anterior ao dos orzamentos tamén ía un punto na orde do día que era un recoñecemento extraxudicial de crédito de facturas pendentes de pago, case medio millón de euros. Entende que a veces as cousas complícanse, pero que tamén é certo que é medio millón de euros, que é moito. Recoñece que subiron, e así o dixo no seu momento, o combustible e a luz, pero que aínda así son moitos cartos.

Indica que o sr. alcalde tamén se enfadou moito noutro punto da orde do día no anterior Pleno, como foi a imposición doutro imposto á veciñanza, un imposto que ademais é un imposto sobre un imposto, que é o da plusvalía. Di que ela está a favor dos impostos e que son imprescindibles pero que este concretamente non o é, e menos nun Concello que ten un remanente máis que suficiente, e que é de partidas non executadas.

Lembra a sra. Calvo que tamén o PSOE pensaba o mesmo, porén rematou por cambiar o voto no mesmo momento. Parece que é o que queren todos, que a veciñanza pague máis impostos, aínda que é só por levarlle a contraria ao PP.

Sinala a sra. Calvo que, por responsabilidade, o sentido do voto segue sendo un “non”. Remata a sra. Calvo a súa intervención sinalando que, tratándose da moción da censura, o seu grupo non vai xerar inestabilidade en ningún momento, que non é esa a intención do seu voto, estando sempre o voto do seu grupo fundamentado e máis que xustificado, e de feito votaron o recoñecemento extraxudicial afirmativamente e son bastante proactivos.

O sr. alcalde di que máis alá da terapia de grupo que poida facer cada un co que escoita por aí, el tamén escoita cousas e tamén cada un escoita o que quere, pero máis alá do que se diga con respecto a iso, quere aclarar unha cuestión.

Sinala que non fixo chamadas e iso porque dende principios de febreiro mandouse un borrador, pedindo suxestións, pedindo que se falara do que se quixera falar, e ninguén deu o máis mínimo paso para facelo e agora plantéxanse unha serie de cuestións que se plantexaron no último Pleno que non son cuestións orzamentarias.

Explica o sr. alcalde que o que se vai a ingresar pola taxa de lixo e o que se vai gastar no servizo da recollida do lixo está fixado e o que cobra SOGAMA e o que cobra a empresa por un lado e as taxas aprobadas por outro, que non se van cambiar, tamén, polo que todo está establecido. Pensa que se pode discutir todo o que se queira e discutirse sobre que se fai co sistema de xestión de lixo, que pensa que é o escenario no que se vai mover o Concello nos próximos 3 ou 4 meses, pois vai a ser un tema prioritario, pero aínda así non é unha cuestión orzamentaria, que esa é a realidade e que por iso non se fixo ningunha chamada.

Pensa o sr. alcalde que para eles sería moito máis fácil non meterse neste berenxenal e gobernar cuns orzamentos prorrogados, pero non o fan porque non queren renunciar á acción de goberno, e como non queren renunciar van a gobernar e ese discurso é contradictorio co que comentaba, por exemplo, a sra. Lemus de cuestións que non se tratan porque segundo ela xa non se está gobernando. Pensa que non é certo, que si que se está gobernando e que se se presenta un orzamento é porque se quere

governar, e vaise seguir facendo e hai exemplos concretos, como o feito de que hai moitos anos que non se leva un acordo tan explícito e tan detallado e negociado como os investimentos realizados, nos que ademais todos coincidiron. Polo tanto hai acción de goberno, que pode gustar máis ou menos, e que cadaquén é libre de valorala como queira, pero non se pode dicir que non a hai.

Salienta o sr. alcalde que, con respecto ao que dicía a sra. Calvo, hai dúas cousas que si que son irresponsables. Unha é dicir que se incrementan impostos, xa que non é así e a plusvalía era un imposto que estaba xa permanentemente aí e non se incrementa. Trátase dun imposto que ven do Goberno central, de Madrid, e que o feito de que un tribunal o declarase nulo e haxa que reformulalo non é unha acción de goberno da administración municipal, e hai que poñelo na práctica, pero non se trata de estar incrementando impostos.

Lembra o sr. alcalde que este imposto ademais o impuxo o goberno do PP, engadindo que a el dálle igual con que impostos se financian os concellos, co IBI, coa plusvalía ou co imposto de IRPF, que é igual, o único que pensa é que todos os concellos teñen que ter unha fonte de financiamento suficiente para facer o seu traballo. Salienta que se o Goberno central lle dá ese imposto de plusvalía pois terá que aplicalo e pensa que o grupo municipal do PP tamén o vai a facer se algún día chegar a gobernar.

Considera o sr. alcalde que a segunda cuestión que é irresponsable é dicir que os orzamentos están inflados, xa que o irresponsable é que cando lles di que non están inflados e lles pide que vaian ao departamento de asuntos económicos a contrastar os ingresos do ano 2021 para ver se están inflados ou non, non o fagan, porque se o fixeran verían que os orzamento non están inflados.

Explica que, por exemplo, cando se di que os ingresos do estado son os que aparecen no orzamento podían pedilos para ver o papel onde se di isto, e daríase sen ningún problema, pero non facer esas peticións e seguir mantendo que os orzamentos están inflados, é o que, na súa opinión, roza a irresponsabilidade.

Considera o sr. alcalde que tampouco é cuestión de darlle moitas máis voltas. Reitera que xa dixeron, e seguen mantendo, que son os únicos orzamentos que se podían facer porque o Concello leva 10 anos coas taxas e os impostos conxelados, co cal os

ingresos son os que son, e os gastos ordinarios son os que son, a luz, o gasóleo non o fixa o goberno municipal, senón que ven dado, e os gastos de persoal tamén veñen dados polo incremento que fixo o Estado con respecto ao persoal funcionario. Sinala que os investimentos pactáronse e pouco máis queda que decidir, xa que o pouco que queda por decidir é se se asfalta nun lado ou noutro, pero non son cuestións orzamentarias, e as taxas tamén se poden discutir fóra dos orzamentos.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Intervén a concelleira do PP, sra. Calvo, quen di que insiste en que si que están inflados e de feito o sr. alcalde está desautorizando á Intervención municipal e non lle parece xusto. Xa non só se inflaron os ingresos senón que os gastos máis básicos están sen cubrir, porque facía fincapé no recoñecemento extraxudicial de crédito.

Di a sra. Calvo que ela non está pedindo que o sr. alcalde chame a ninguén, que o que lle está a dicir é que no próximo orzamento, se o sr. alcalde o considera, chame ao resto de membros da Corporación e confeccionen un orzamento, entre todos, dentro das limitacións que hai.

Tratándose da plusvalía a sra. Calvo sinala que é certo que é do Goberno central, pero que ela do que está a falar é que hai concellos que deciden se a aplican ou se non a aplican. Sinala que o outro día lía unha nova en “La voz de Galicia”, que a pode buscar calquera, que dicía que só un de cada tres concellos aplica a plusvalía. Insiste a sra. Calvo en que iso é o que quería dicir e, ademais, que hai remanente. Pensa que hai que aliviar un pouco, na medida das posibilidades, pois os impostos son imprescindibles, pero sempre que se poida hai que aliviar á veciñanza.

O sr. alcalde pensa que unha década sen subir taxas é un importante alivio.

Interveño eu, secretaria da Corporación, para expoñer que, segundo o artigo 197 bis da LOREX a votación efectuarase, en todo caso, mediante o sistema nominal de chamamento público e, segundo o artigo 101 do ROF, as votacións nominais son aquelas que se realizan mediante chamamento por orde alfabético de apelidos e

sempre en último lugar o presidente e na que cada membro da Corporación, ao ser chamado, responde en voz alta “si”, “non” ou “me absteño”.

De acordo co exposto, procédese a continuación a efectuar a votación nominal co seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	VOTO
Argibay da Silva, Mayte	abstención
Calvo de la Uz, Lucía	non
Castelao Ferreiro, Patricia	si
Castro Framil, Teresa	non
Diéguez González, Carmen	si
Elías Noya, José Manuel	abstención
Guerra Calvelo, José Manuel	non
Igrexas Vilar, Xosé Ignacio	si
Lemus de la Iglesia, Uxía	si
López Álvarez, María	si
Moñino Gil, Roberto	abstención
Nariño Facal, Dolores	non
Otero Romero, Iria	si
Rosende Domínguez, Margarita	non
Sánchez Crespo, Antonio Reyes	non
Vázquez Rey, María	non
Sisto Edreira, Rafael Carlos	si

Segundo o exposto, o resultado da votación é o seguinte

- Votos a favor – 7 (4 Son de Teo, 1 PSdeG-PSOE e 2 BNG)
- Votos en contra – 7 (7 PP)
- Abstencións – 3 (3 PSdeG-PSOE)

Producíndose un resultado de empate, realízase, de acordo co artigo 100.2 do ROF, unha nova votación nominal co seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	VOTO
Argibay da Silva, Mayte	abstención
Calvo de la Uz, Lucía	non
Castelao Ferreiro, Patricia	si
Castro Framil, Teresa	non
Diéguez González, Carmen	si
Elías Noya, José Manuel	abstención
Guerra Calvelo, José Manuel	non
Igrexas Vilar, Xosé Ignacio	si
Lemus de la Iglesia, Uxía	si
López Álvarez, María	si
Moñino Gil, Roberto	abstención
Nariño Facal, Dolores	non
Otero Romero, Iria	si
Rosende Domínguez, Margarita	non
Sánchez Crespo, Antonio Reyes	non
Vázquez Rey, María	non
Sisto Edreira, Rafael Carlos	si

Segundo o exposto, o resultado da votación é o seguinte:

- Votos a favor – 7 (4 Son de Teo, 1 PSdeG-PSOE e 2 BNG)
- Votos en contra – 7 (7 PP)
- Abstencións – 3 (3 PSdeG-PSOE)

**De acordo co exposto, o Pleno da Corporación, con sete votos a favor (4 Son de Teo, 1 PSdeG-PSOE e 2 BNG), sete votos en contra (7 PP) e tres abstencións (3 PSdeG-PSOE), decidindo o voto de calidade do Presidente, acorda:**

**Primeiro**.- **Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio 2022, cun importe total do Estado de Gastos de 17.101.580,22€ e do Estado de Ingresos de 17.101.580,22€, coa estrutura en capítulos que de seguido se relaciona, vinculando a aprobación a unha cuestión de confianza.**



**ORZAMENTO MUNICIPAL 2022 - RESUMO POR CAPÍTULOS**

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	CRÉDITO INICIAL (EUROS)
1	Gastos de persoal	5.863.377,46
2	Gastos correntes en bens e servizos	6.676.303,58
3	Gastos financeiros	6.500,00
4	Transferencias correntes	693.775,80
Suman operacións correntes		<b>13.239.956,84</b>
6	Investimentos reais	3.528.013,82
7	Transferencias de capital	7.000,00
Suman operacións de capital		<b>3.535.013,82</b>
<i>Total operacións non financeiras</i>		<b>16.774.970,66</b>
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	326.609,56
<i>Total operacións financeiras</i>		<b>326.609,56</b>
<b>TOTAL ESTADO DE GASTOS</b>		<b>17.101.580,22</b>

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	PREVISIÓN INICIAL (EUROS)
1	Impostos directos	4.495.000,00
2	Impostos indirectos	150.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.947.000,00
4	Transferencias correntes	6.689.024,68
5	Ingresos patrimoniais	40.850,00
Suman operacións correntes		<b>14.321.874,68</b>
6	Alleamento de investimentos reais	775.000,00
7	Transferencias de capital	2.004.705,34
Suman operacións de capital		<b>2.779.705,34</b>
<i>Total operacións non financeiras</i>		<b>17.101.580,02</b>
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
<i>Total operacións financeiras</i>		<b>0,00</b>
<b>TOTAL ESTADO DE INGRESOS</b>		<b>17.101.580,02</b>

**Segundo.- Aprobar o cadro de persoal e demais anexos do orzamento municipal para o ano 2022 que constan no expediente.**

**Terceiro.- Expoñer o Orzamento citado ao público por prazo de quince días, por medio de edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que**



**xulguen oportunas, de conformidade co disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.**

**De non presentarse reclamacións en prazo, o orzamento entenderase aprobado definitivamente, e será inxerido, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia.**

**Cuarto.- En caso de que se rexeite a presente cuestión de confianza, entenderase aprobado definitivamente o orzamento municipal 2022 e aprobado o cadro de persoal e demais anexos do orzamento municipal para o ano 2022, se no prazo dun mes dende que se votara o rexeitamento da cuestión de confianza non se presentara unha moción de censura con candidato alternativo a Alcalde, ou se esta non prospera, de conformidade co artigo 197 bis 5 da LOREX, inxeríndose aquel, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia.**

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz